



## BASES DO CONCURSO DE FOTOGRAFÍA CIENTÍFICA

### PARTICIPANTES

O concurso está aberto a todos/as os/as alumnos/as e profesores/as de secundaria, bacharelato e FP dos Centros Educativos que participen, ou soliciten participar na Galiciencia 2017, ben como expositores ou como visitantes.

### TEMÁTICA

O certame organízase con motivo da celebración da Galiciencia 2017 baseándose na temática de referencia desta edición: **A astronomía**, polo que, partindo dun enfoque conceptual libre e aberto, as fotografías deben ter como punto de referencia calquera obxecto ou contorno relacionado coa temática en cuestión.

### CONDICIÓN E FORMATOS

- O número máximo de fotografías por persoa que se poderán presentar será de 3.
- As fotografías presentaranse en branco e negro ou color.
- As fotografías deberán ser orixinais e inéditas e non ter sido premiadas en ningún outro concurso. Os participantes deberán ser os/as autores/as das obras presentadas.

### PRESENTACIÓN DAS OBRAS

**NOVIDADE:** Todos os participantes que desexen tomar parte neste concurso deberán subir as súas fotografías a través do apartado especialmente habilitado na páxina web da galiciencia cos seguintes datos: **título/s da/s obra/s presentada/s, nome e apelidos do/a autor/a, teléfono de contacto, e-mail e nome do centro ao que pertencen.**

- O prazo de presentación finalizará o 22 de outubro de 2017.

### XURADO

O xurado será asignado pola organización entre persoas expertas na materia.





## **RESOLUCIÓN**

A resolución do xurado farase pública o día 24 de novembro de 2017 durante a entrega de diplomas da Galiciencia e remitirase por correo electrónico a todos os participantes.

A resolución do concurso é inapelable.

## **PREMIO**

Diploma e un obsequio para o/a alumno/a ganador/a do concurso.

Diploma e un obsequio para o/a profesor/a ganador/a do concurso.

## **PROPIEDAD**

Todas as obras premiadas quedarán en propiedade do PARQUE TECNOLÓXICO DE GALICIA, quen se reserva o dereito da súa exposición, reprodución ou publicación, sen que isto supoña perda da autoría das fotografías, cedendo os dereitos de reprodución, exposición e explotación non remunerada, pasando a incrementar o patrimonio cultural, sen que estas poidan ser obxecto de compravenda.

## **OBSERVACIÓNS**

- O feito de participar no presente concurso implica a aceptación total das bases.
- A organización non se responsabilizará da non chegada das obras ao seu destino.
- As obras que non cumpran as condicións de presentación non entrarán en concurso.

## **FORMATOS VÁLIDOS**

As fotografías poderán estar en formato jpeg, tiff, cunha resolución mínima de 1772 x 1181 píxeles (basta unha cámara de 2Mpx), esta é a resolución mínima para poder reproducir as fotos en formato 30x20cm. Sería preferible unha resolución maior.

## **REALIZACIÓN E MANIPULADO**

Poden facerse axustes na imaxe, con respecto a color, niveis e axustes e correccións. Non está permitido manipular a foto de maneira que se cambien obxectos ou elementos da imaxe, polo tanto non se permiten fotomontaxes.